Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 21 DE ABRIL DE 2025 LUNES, 21 DE ABRIL DE 2025 | BOP NÚMERO 74

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### A BAÑA

*Informe proposta modificación Ordenanza corta de árbores*

**ANUNCIO**

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA QUE REGULA AS PLANTACIÓNS E AS CORTAS DE ÁRBORES.**

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria realizada o día 9 de abril de 2025, de conformidade co disposto no artigo 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, **acorda**, por unanimidade dos membros de dereito da Corporación, aprobar o ditame da Comisión Informativa Única Asuntos do Pleno, con data do 4 de abril de 2025, que deseguido se transcribe, en todos os seus termos:

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA QUE REGULA AS PLANTACIÓNS E AS CORTAS DE ÁRBORES NO CONCELLO DA BAÑA**

**Expte TEDEC: 2025/G006/000038 (Proposta)**

**Expte TEDEC: 2025/G012/000003 (Comisión informativa)**

**Expte TEDEC: 2025/G010/000002 (Pleno)**

*Vista a Ordenanza que regula as plantacións e as cortas de árbores no Concello da Baña:*

*- Publicación definitiva: 20/03/2020, BOP nº 53*

*Examinada por parte desta Comisión Informativa Única Asuntos do Pleno a documentación obrante no expediente de referencia e emitidas as seguintes consideracións por parte dos membros da mesma:*

*- O señor Alcalde, don José Antonio Pereira Gil, introduce as modificación da ordenanza e explica que se busca unha actuación máis contundente para intentar solventar os problemas dos danos dos camiños.*

*- O concelleiro do grupo popular, don José Andrés García Cardeso propón en primeiro lugar que a fianza debería ir en base á compra de madeira e en segundo lugar que habería que poñerse de acordo con outros concellos para que un garda forestal ou unha persoa vixíe como queda o espazo despois da actuación. Todos están de acordo e o señor Alcalde suxire facer unha agrupación cos Concellos limítrofes para facer esa vixilancia e que quede constancia en foto ou en outro medio da situación.*

*En virtude do disposto nos artigos 123 e ss do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento o réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina, por unanimidade, o seguinte:*

***Primeiro**: Proceder á modificación dos artigos 4, 5 e 10 de dita ordenanza que quedaría redactado do seguinte xeito:*

*Artigo 4.*

*1. Establécese a obrigatoriedade de comunicar no servizo de urbanismo do Concello ou á persoa designada a este efecto, cun mínimo de quince días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da súa execución, a corta de plantacións forestais sempre que superen as 5 Tm para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e das pistas rurais, e sen prexuízo de obter outros permisos ou autorizacións.*

*A comunicación da corta será efectuada pola persoa física ou xurídica responsable desta, presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nesta deberá constar o seguinte:*

*1. A identificación do/a propietario/a e do/a madeireiro/a.*

*2. A especie de madeira obxecto da corta, así como as toneladas que se van extraer.*

*3. A identificación da parcela afectada e a súa situación.*

*4. O lugar de depósito e as vías que hai que empregar para transportar a madeira.*

*5. A copia do seguro de responsabilidade civil.*

Número de anuncio 2025/2385

*6. O documento que xustifique mercar a madeira ou a autorización para realizar a extracción.*

*Unha vez presentada no rexistro xeral do Concello a documentación sinalada, e previamente ao inicio dos traballos de saca de madeira, os servizos técnicos urbanísticos municipais comprobarán o estado físico dos camiños e vías que vaian ser utilizados, obtendo as fotografías ou vídeos que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física.*

*2. A persoa ou a empresa encargada da corta será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito, da carga e do transporte de madeira e queda obrigada a reparar estes, incluso limpando e retirando residuos. En todo caso estarán suxeitos ao disposto nos artigos 5 e seguintes da presente ordenanza.*

*O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira.*

*Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.*

*A obriga será esixible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e en xeral polos cometidos por aquelas persoas de que deba responder.*

*En caso de que o madeireiro incumpra algunha das obrigas, o Concello requirirao para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poida exceder dun mes. Cando o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes e/ou parcelas de que se trate.*

*Artigo 5.*

*1. As tarefas de extracción de madeira, en particular realizar operacións de depósito, de carga e de transporte en vehículos con peso máximo autorizado superior a 5 Tm de madeira procedente de corta, estarán sometidas a licenza que terá carácter bianual e que facultará o/a titular para realizar os traballos durante o seu período de vixencia.*

*A licenza deberá ser renovada antes de que remate o período de vixencia e non excluirá do deber de realizar unha comunicación previa mediante un escrito no Rexistro Xeral do Concello ou de indicar o lugar onde se realizarán os traballos, as Tm do vehículo que se vai empregar e a duración.*

*2. Independentemente da taxa que se fixe por tramitar a licenza correspondente na ordenanza fiscal que regula a taxa por expedir documentos administrativos, as persoas beneficiarias da licenza deberán entregar xustificantes de que presentaron a fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes que se indican nos parágrafos seguintes, para responder do amaño das deterioracións que puidesen producir nas vías e da limpeza dos restos das operacións de carga e de depósito de madeira.*

*No caso de que nas operacións de transporte interveñan vehículos de empresas distintas á que se encarga da corta, estarán obrigadas a subrogar a fianza, ou ben a empresa de transporte nova a depositar a súa propia.*

*Establécense dúas categorías para os efectos de fixar as fianzas:*

*a) Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 Tm, 1.600 € en metálico e a presentación dun seguro de responsabilidade civil para responder dos danos que se podan causar.*

*b) Vehículos con peso máximo autorizado igual ou maior de 16 Tm, 3.100 € en metálico e a presentación dun seguro de responsabilidade civil para responder dos danos que se podan causar.*

*3. O posuidor dunha licenza para depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado a reparar inmediatamente as deterioracións producidas nas vías, ou nas infraestruturas anexas, así como a retirar os restos procedentes das operacións de carga e de almacenamento.*

*4. Na licenza de corta, farase constar a obriga e a conformidade por parte do/a titular da actividade de retirar da zona de extracción e de depositar no vertedoiro controlado todos os lixos que puidesen depositarse (latas, recipientes de bebidas, etc.).*

*5. Igualmente, na licenza de corta farase constar a obriga e a conformidade por parte do/a titular da actividade de recoller e de retirar os restos derivados desta (pólas, cortizas e follaxe) das zonas de depósito establecidas.*

*6. En todo caso, prohíbense as seguintes:*

*1. O almacenamento de madeira nas vías públicas.*

*2. Os depósitos de rolla, ramas ou podalla, non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, bueiros, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ás vías, nin supoñer risco para as persoas usuarias da vía.*

*3. A vertedura dos residuos procedentes das operacións reguladas na presente ordenanza en lugares non autorizados expresamente para iso.*

Número de anuncio 2025/2385

*7. A licenza non ampara as tarefas de carga e de almacenamento sobre as vías e estruturas anexas.*

*8. As vías públicas non poderán empregarse para almacenar madeira, aínda que se autorizarán as operacións imprescindibles para cargala; aínda así, as gabias deberán quedar sempre limpas e en bo estado de uso".*

*Unha vez rematados os traballos de saca de madeira, os servizos técnicos municipais deberán emitir un informe, no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ao previsto como data de remate no escrito de comunicación previa, no que se deixe constancia do cumprimento ou incumprimento das obrigas das que a fianza debe responder.*

*En caso de cumprimento, o Concello devolverá a fianza, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais, no que quede reflectido que non se causaron danos nin estragos nas vías e infraestruturas públicas municipais, e de que as pistas, camiños ou espazos públicos utilizados se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos.*

***Artigo 10.***

*1. Para os efectos da presente ordenanza, será infracción administrativa incumprir as obrigas, as prohibicións e os requisitos establecidos nela, así como as condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ao seu abeiro.*

*2. As infraccións á presente ordenanza clasificaranse como leves e graves.*

*Son infraccións graves:*

*- Realizar actividades de corta, depósito, carga e transporte de madeira sen contar coa oportuna licenza municipal.*

*- Estar condenado por unha infracción leve e ser reincidente. Entenderase que existe reincidencia cando se cometan dúas faltas leves no prazo dun ano, contado dende a data na que adquiriu firmeza a resolución sancionadora.*

*- Deteriorar os camiños públicos municipais e non amañalos nos prazos marcados pola presente ordenanza.*

*- Deixar as vías municipais nun deficiente estado de sucidade, ocasionando unha situación de risco para a seguridade viaria.*

*- Non respectar a distancia da vía pública marcada pola normativa urbanística do Concello no caso das repoboacións forestais.*

*Son infraccións leves:*

*- Con carácter xeral, calquera outro incumprimento do contido da presente ordenanza non considerado como infracción grave.*

*2. As infraccións á presente ordenanza serán sancionadas do seguinte xeito:*

*I. As leves, con multa de 300,00 ata 750,00 €.*

*I. As graves, con multa de 750,00 € a 1.500,00 €.*

*3. Para a gradación das multas atenderase á súa repercusión, á súa transcendencia polo que respecta ao prexuízo causado, ao ánimo de lucro e á contía do beneficio obtido na comisión da infracción. Na valoración da gravidade das infraccións teranse en conta a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración dos feitos, a capacidade económica do infractor e a intensidade dos danos causados ás vías públicas e/ou aos usuarios das mesmas.*

*A imposición das sancións que procedan non eximirá aos responsables de realizar os traballos de limpeza que sexan necesarios, da reparación dos danos causados e de indemnizar polos prexuízos e perdas a que houbese lugar.*

*4. O exercicio da potestade sancionadora considerada nesta ordenanza requirirá incoar e instruír o correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2025 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Séctor Público.*

***Segundo:** Someter dita Ordenanza municipal, coa modificación do artigo 4,5 e 10, á información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

*Simultaneamente publicar o texto da Ordenanza municipal no portal Web do Concello www.concellodabana.gal co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.*

***Terceiro:** Facultar ao Sr. alcalde-presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto."*

A Baña, 11 de abril de 2025

O alcalde, José Antonio Pereira Gil

2025/2385